

VOCABULARIO SECTOR PRIMARIO

EXPLOTACIÓN AGRARIA: unidade técnico – económica básica de produción agrícola, gandeira ou forestal de dimensións variadas (grandes, medianas e pequenas) e da que se obteñen produtos agrarios baixo a xestión e responsabilidade do empresario. Actualmente pode constatarase unha redución do número de explotacións. Ademais, as explotacións de menos de 5 Ha supoñen máis do 60% do total, reunindo pouco máis do 5% da superficie censada, mentras que as explotacións que superan as 200 Ha acaparan o 51% da superficie. Todas elas soen coincidir co réxime de tenza directo (ou explotación directa polo propietario). A maior intensidade e o aproveitamento da explotación coinciden con aquelas de menor tamaño, é dicir, canto maior é a explotación, máis peso adquiren as terras non labradas e menos o regadío.

RÉXIME DE TENZA: forma xurídica baixo a cal un empresario agrícola actúa sobre unha explotación agraria. Segundo o censo agrario o réxime de tenza pode ser:

- **en propiedade** ou “**de seu**” ou **directo**, cando o empresario e a súa familia dispoñen dun título de propiedade, ou na súa ausencia, por ter sido explotadas as terras durante máis de trinta anos ininterrompidos sen o pago dunha renda;
 - **indirecto**, cando existe unha separación entre empresario e propietario. Dentro do réxime indirecto existen dúas fórmulas:
 - a) o **arrendamento**: o agricultor traballa unhas terras que non son da súa propiedade, e polas que paga ó propietario un canon fixo en moeda ou especie segundo estea fixado Total independencia do explotador na toma de decisións.
 - b) a **parcería**: contrato mixto, normalmente oral, entre a persoa que cede temporalmente as súas terras, gandos ou herdades, e a persoa que as cultiva ou traballa, na que cada un dos contratantes obtén unha parte dos beneficios. Normalmente o propietario pon a terra, a maquinaria, as sementes, os fertilizantes, paga os impostos,..., mentras que o parceiro pon o seu traballo. Este réxime ten diminuído en máis da metade nos últimos anos, debido sobre todo á menor capacidade económica do agricultor doutras épocas. Era máis característico de períodos de economía de subsistencia.
- outros réximes de tenza da terra son: cooperativa, comunal, aforamentos, censos,...

EXPLOTACIÓN INTENSIVA: sistema de cultivo co que se obteñen uns elevados rendementos por unidade de superficie debido á utilización de fertilizantes xunto con fortes doses de traballo. Habitualmente practícase en pequenas explotacións.

EXPLOTACIÓN EXTENSIVA: sistema de cultivo que produce uns rendementos baixos por unidade de superficie. Soe practicarse nas grandes explotacións empregando un volume reducido de man de obra.

PARCELA: segundo o censo agrario, é a división agrícola máis pequena, unha extensión de terra delimitada por lindes, setos, fitos, auga,...

CONCENTRACIÓN PARCELARIA: proceso, levado adiante xeralmente por organismos públicos, que supón a redución en número, a regularización dos contornos e o aumento da superficie do parcelario dunha determinada área, logo da medición, avaliación edáfica, topográfica, económica, etc. O proceso supón o intercambio de terras entre os veciños e a apertura dunha serie de vías de comunicación que interconectan as novas parcelas cos núcleos de poboación e coas principais vías de comunicación do lugar, feito de trascendental importancia para o desenvolvemento económico de calquera territorio. En Galicia o proceso principiou en 1956, resultando de especial transcendencia para o desenvolvemento das actividades agropecuarias, como unha mecanización máis operativa e rendible, tendo en conta a grande fragmentación parcelaria existente no país que dificulta enormemente as tarefas agrícolas producindo efectos moi negativos sobre os beneficios económicos derivados da actividade agraria.

MINIFUNDIO: explotación de pequeno tamaño, con parcelas normalmente dispersas. Dáse nunha porcentaxe elevada en zonas de aproveitamentos intensivos que favorecen altos rendementos, polo que manteñen certa rendibilidade. É característico do campo galego.

LATIFUNDIO: tipo de explotación agraria caracterizada pola súa gran extensión en superficie. En España considérase como latifundio aquela explotación superior ás 250 Ha., namentres que no resto dos países comunitarios o umbral rebáixase a 100 Ha. Ademais da extensión tamén

se considera como propios do latifundio uns medios de produción deficientes: pouco grao de tecnificación, explotación extensiva,... así como o alto grao de conflictividade social que se deriva da existencia nas rexións onde se dá, dunha grande masa de campesiños sen terra que ven como os latifundios están infraexplotados sen que o propietario se preocupe por mellorar os rendementos a base de empregar un maior número de man de obra e de mellorar o sistema de cultivo. Incluso pode haber latifundios, normalmente propiedade dos descendentes das principais familias nobiliarias, que estén sen producir. Para intentar solucionar o problema idéanse políticas de reforma agraria que se apoian na expropiación daquelas terras que se atopan en condicións de baixa rendibilidade, para proceder á redistribución entre as masas de campesiños que non posúen terras, e con isto lograr unha maior xustiza social. No estado español o latifundio concéntrase sobre todo nas provincias de Córdoba e Jaén, en Castela – A Mancha, Estremadura e na provincia de Salamanca.

SEQUEIRO (SECANO): terras de labradío que non reciben máis aporte de auga que a que lle proporciona a auga que procede das precipitacións. Este tipo de terras caracterízase polos baixos rendementos por unidade de superficie, en comparación coas terras de rega, pola forte mecanización e o uso extensivo que se fai do solo. Polo tanto é un terreo de cultivo sobre o que non se aplican técnicas de rega. Os cultivos máis característicos da España seca son: os cereais, principalmente trigo e cebada, a oliveira, a vide e a amendoeira.

REGADÍO: terras que posúen a condición de poderse regar por auga que non procede directamente das precipitacións atmosféricas. A produción deste tipo de terras é moi superior á que se rexistra nas terras de sequeiro; moitas veces asócianse a un tipo de cultivo intensivo. Existen numerosas técnicas de rega: submersión, desbordamento, aspersión, infiltración, permanente,... entre os produtos de regadío destacan o arroz, as froiteiras, sobre todo os cítricos, hortalizas, flores...

BARBEITO: técnica de cultivo propia dunha agricultura atrasada e de subsistencia na que unha parte da terra de labradío déixase sen cultivar un ano ou máis co fin de que o terreo cansado recupere as substancias que lle substraeron os cultivos que nel se deron.

MONOCULTIVO: sistema de cultivo no que as terras dunha determinada área ou dunha mesma explotación adócanse a un mesmo cultivo. Soe ser propio de sistemas agrarios extensivos e de economía comercial.

POLICULTIVO: sistema de cultivo caracterizado pola mestura nun mesmo espazo agrario de plantas de diferentes especies. O policultivo é predominante en Galicia aínda que nos últimos anos tende a reducirse. Soe estar relacionado con sistemas agrarios intensivos e de economía de subsistencia

ROTACIÓN DE CULTIVOS: sucesión periódica de cultivos nun terreo. Esta sucesión establécese co fin de lograr os máximos rendementos sen que por isto a terra se esgote, de tal xeito que soen sucederse cultivos mellorantes e cultivos esquilmanes uns a outros. Unha das máis características é a chamada rotación trienal, que se produce nun campo que se atopa dividido en tres follas; a cada folla asígnaselle un cultivo agás a unha delas que queda en barbeito, barbeito que posteriormente irá rotando. A fertilidade do terreo conseguíase mediante o aporte de restrollos e tamén gracias ó aporte de esterco que producía o gando durante a súa estancia invernal nas cortes.

CAMPOS ABERTOS OU OPENFIELD: paisaxe agraria típica de certas rexións europeas como o leste de Francia. Caracterízase por núcleos de poboación concentrados en torno ós cales se dispón o espazo cultivado e, máis alá o forestal. A zona cultivada organízase en parcelas xeométricas, frecuentemente alongadas, sen valado ningún que as separe. A orixe deste espazo agrario está relacionada con certas prácticas colectivas. O conxunto das terras organizábase en tres follas e trala colleita, a terra era aproveitada en común polo gando, que pastaba libremente nos campos abertos.

CAMPOS CERRADOS OU BOCAGE: paisaxes agrarias que amosan un parcelario dividido debido á existencia de cercas nos seus lindes. Habitualmente trátase de sebes vivas, de elevacións formadas por pedras soas ou mesturadas con terra, ou, xa máis recentemente, postes unidos con arame. As funcións que cumpren os cercados van dende a protección da propiedade ata a defensa das parcelas fronte ó gando ceibe. A paisaxe de campos cerrados é característica das áreas situadas na fachada atlántica de Europa.

AGRICULTURA A TEMPO PARCIAL: consideración da agricultura como unha segunda ou terceira actividade, despois dunha ocupación ou traballo principal a xornada completa. Na maioría dos casos aténdese o legado rural familiar nos días de ocio (fins de semana, vacacións), encargando moitas das tarefas agrarias a terceiros, que soen atender varias explotacións, e reducindo moitas das tarefas a un simple control da evolución dos cultivos. A

agricultura a tempo parcial está favorecida pola cercanía do lugar de traballo ou residencia á explotación agraria, por exemplo: traballo na capital da provincia e atención en fins de semana das terras herdadas da familia en calquera pobo da mesma.

CULTIVO FORRAXEIRO: aqueles que se producen para o alimento do gando (alfalfa, trevo, nabos, zanoria,...).

ESTABULACIÓN GANDEIRA: explotación gandeira organizada en naves e recintos deseñados para albergar gran número de animais. Soen utilizar procesos de alimentación automática e de selección de exemplares, segundo os fins da explotación: galiñas poñedoras de ovos, cordeiros e cerdos para a alimentación, vacas produtoras de leite, tenreiras para o consumo,... Polo tanto trátase da residencia e manutención dos animais na corte de maneira temporal ou permanente. Pódese distinguir entre estabulación permanente (os animais están suxeitos e ocupan unha praza fixa na corte) e estabulación libre (os animais desprázanse pola corte); é máis económica e hixiénica que a permanente porque os animais xóvenes necesitan facer exercicio para desenvolverse con normalidade.

CALADOIRO: área do mar onde, debido á riqueza dos recursos pesqueiros, os barcos faenan. En gran medida o pescado capturado polos nosos pescadores procede de mares alonxados das nosas costas (as flotas bacalladeiras e conxeladoras obteñen pescada, marisco e cefalópodos que constitúen algo máis da cuarta parte da tonelaxe capturada nos caladoiros internacionais como Gran Sol, banco sahariano, Terranova, Labrador, Namibia, Angola...).

Pero a actividade pesqueira que se desenvolve dentro da área económica exclusivamente española continúa a ser importante (caladorios nacionais).

ACUICULTURA: conxunto de actividades que, mediante algún tipo de intervención no ciclo biolóxico de animais ou plantas acuáticas, ou no medio no que habitan, permiten controlar a súa reprodución e/ou crecemento. Cómpre diferenciar as actividades que só pretenden limitar a actividade recolectora, tales como “topes de capturas”, vedas, etc., daquelas que consisten en modificar o seu hábitat, defender estes organismos doutros ataques, ou intervir no seu ciclo biolóxico. A acuicultura aparece polo de agora restrinxida a un pequeno abano de especies, principalmente peixes, moluscos e crustáceos, en función da súa importancia económica e do desenvolvemento dunha tecnoloxía axeitada e limitada espacialmente á beiramar ou ás augas continentais (ríos, lagos).

REXIÓN PESQUEIRA: España é unha das principais potencias pesqueiras do mundo, aínda que en declive, e un dos primeiros países en consumo de pescado por persoa. Esta actividade ademais anima a vida de moitas áreas e focos concretos, aparte de propiciar unha importante industria conservería. Os 6.518 Km de costa explican a propensión á actividade, pero nas súas proximidades (caladoiros nacionais) só revisten certa importancia as capturas de atún, sardiña e anchoas, sobre todo no litoral atlántico e cantábrico; e as sardiñas, cigalas, langostinos, calamares, almexas,... no litoral atlántico andaluz. En xeral, toda a costa do Mediterráneo está a padecer un proceso de esgotamento, con producións moi baixas. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación estableceu as rexións pesqueiras españolas:

- **Noroeste:** a máis importante rexión pesqueira de España. Destaca o porto de Vigo.
 - **Cantábrica:** formada por Asturias, Cantabria e País Vasco. É a segunda en importancia. Nela destacan os portos de Gijón, Pasajes, Bermeo e Ondárroa.
 - **Suratlántica:** coincide co litoral atlántico andaluz. As súas flotas faenan sobre todo no banco sahariano, polo que os seus problemas son frecuentes.
 - **Canaria:** adicada sobre todo á pesca de altura e gran altura. Tamén faenan no banco sahariano, polo que teñen os mesmos problemas que a rexión suratlántica.
- Menos importancia teñen as rexións situadas no Mediterráneo:
- **Tramontana:** dende a fronteira francesa ata o cabo da Nao.
 - **Levante:** entre o cabo da Nao e o de Gata.
 - **Balear:** escasez de actividade pesqueira.

PESCA DE ALTURA: pesca realizada en mar aberto, máis alá das 50 ou 60 millas de distancia do litoral. Está regulada por acordos internacionais e a flota que se adica a esta pesca está formada por barcos de mediana e gran tonelaxe. En Galicia a pesca de altura realízase entre o ecuador e os 60º de latitude N, e entre os 10º E e os 20º W, estando concentrada nos principais portos pesqueiros a maior parte da súa flota.

PESCA DE GRAN ALTURA: a que se realiza en lugares moi afastados. A flota galega practica esta pesca a partir do desenvolvemento das técnicas de conxelación dos produtos pesqueiros ocorrido nos anos 60. Emprega embarcacións de gran tonelaxe que se concentran en poucos portos (Vigo, A Coruña, Marín, Ribeira, Vilagarcía, Ferrol) e que desenvolven actividades en

lugares moi afastados como son o SW de África, Terranova,... onde se capturan especies de gran valor no mercado como a pescada, o bacallao,...

PESCA DE BAIXURA ou de LITORAL: a que se realiza entre o litoral e as 50 ou 60 millas, dentro das augas xurisdiccionais. As embarcacións empregadas caracterízanse pola súa pequena tonelaxe.

PRODUCTOS AGRÍCOLAS

- Retroceso da triloxía mediterránea (pero aínda ocupa a maior parte das terras cultivadas) e das leguminosas.
- Avance notable dos cultivos industriais, produtos forraxeiros, hortalizas e froitas.
- En xeral, avance dos cultivos de calidade, que resultan rendibles polos elevados prezos que acadan no mercado.

1. CEREAIS. Cultivo tradicional de secaño; ocupa o 60% da superficie cultivada. O millo e o arroz, son os cereais propios do regadío.

a) TRIGO: prodúcese no conxunto da Meseta.

- ata hai pouco foi o cereal máis cultivado.
- pero o descenso do consumo polos cambios nos hábitos alimentarios, fixo baixar os prezos.
- o seu baixo prezo queda compensado pola escasa necesidade de man de obra e de mecanización.

b) CEBADA: Meseta.

- aumentou a súa produción ó descender a do trigo e porque creceu a súa demanda para a alimentación do gando e para a fabricación de cervexa.

c) MILLO: España húmida (en secaño en Galicia).

- produción en aumento, para consumo humano e como materia prima para os pensos animais.
- cultívase en regadío en : Extremadura, Andalucía, Aragón e Castela A Mancha.

d) ARROZ: cultivo de regadío no delta do Ebro, Albufera valenciana e marismas do Guadalquivir.

- cultivo de reducida extensión pero con altos rendementos.
- colleitas abundantes que superan a demanda nacional (exportación).

2. LEGUMINOSAS E TUBÉRCULOS.

- Leguminosas: xudías, fabas, lentellas, gravanzos...
- Tubérculos: patacas.
- námbolos dous casos, o descenso do consumo e a competencia holandesa fixeron descender a superficie cultivada.
- danse en: Andalucía, Extremadura, Conxunto da Meseta, Galicia e Canarias (patacas temperás e extra temperás).

3. OLIVEIRA: propia do clima mediterráneo.

- é sensible ás xeadas polo que non medras máis a'la dos 700 m. de altitude, chegando no sur ós 1000 m.
- a produción destaca no alto Guadalquivir (Xaén onde é case monocultivo, e Córdoba), Castela A Mancha, Extremadura e Tarragona.

4. VIDE:

- adáptase perfectamente ó clima mediterráneo porque necesita veráns secos , escasas precipitacións e invernos relativamente fríos.
- utilízase para consumo en fresco (uva), elaboración de uvas pasas e sobre todo para a produción de viño (algúns en España de alta calidade – denominación de orixe -).
- A Rioxa, Val do Douro, Rías Baixas – Ourense, Castela A Mancha (Cidade Real), Navarra, Somontano pirenaico,...

5. CULTIVOS INDUSTRIAIS:

a) XIRASOL: Baixo Guadalquivir, Badaxoz, Cuenca.

- escasa esixencia de auga e de terra
- forte demanda do seu aceite
- cultivo en expansión-

- b) REMOLACHA AZUCAREIRA: Val do Douro, Sevilla – Cádiz. REGADÍO.
 - obtención de azucre.
 - o Estado regula as cuotas de produción por zonas e fixa os prezos.
- c) CANA DE AZUCRE: Canarias, Málaga, granada.
- d) ALGODÓN: Andalucía, Murcia.
 - reduciu a súa superficie de cultivo pola progresiva introducción de fibras sintéticas na industria téxtil.
- e) TABACO: val do Tiétar (veiga de Cáceres), veiga de Granada, Ávila.
 - o estado regula os tipos a cultivar, a superficie utilizada e os prezos de venta.

6 CULTIVOS FORRAXEIRO.

- millo forraxeiro, alfalfa.
- destinados á alimentación do gando.
- perderon importancia porque os pensos hoxe fábranse con cereais.
- Galicia, Cataluña, Castela – león.

7. HORTALIZAS:

- altos niveis de produtividade.
- favorecidas pola ampliación dos regadíos e polos avances técnicos.
- considerable aumento da demanda nacional e internacional, polo auxe da dieta mediterránea.
- boa parte da produción destínase á conserva e conxelación.
- cultívase en minifundio, ben con técnicas tradicionais ou con outras xa moi avanzadas.
- destacan como zonas produtoras: Andalucía, Comunidade Valenciana, Murcia, A Rioxa, Navarra, Extremadura, Aragón, zonas de Cataluña,...
- destacan produtos como: *pementos, tomates, berenxenas, cabaciñas, espárragos, leitugas, escarolas, allos, cebolas, apio*,... todos eles incluso para a exportación.
- *chícharos, xudías verdes, alcachofas, coliflores, coles*,... presentan máis problemas para ser exportadas pola forte competencia internacional.

8. FROITEIRAS.

- delas obtense 1/5 da renda agrícola.
- esta produción ten gran importancia na balanza comercial española.

a) CÍTRICOS:

- laraxa, limón, mandarina.
- ocupan gran extensión xa que son as froitas máis cultivadas.
- Comunidade Valenciana, Murcia, Andalucía.

b) AMÉNDOA: Baleares, Murcia, Comunidade Valenciana, Andalucía oriental.

- é o froito seco que máis incrementou a produción.
- é propia de secaño e case non necesita cuidados.
- ten unha forte demanda, pero gran competencia exterior.

c) MELOCOTÓN – ALBARICOQUE: val do Ebro, interior da franxa costeira mediterránea.

d) MACEIRA – PEREIRA: Asturias, Lleida, País Vasco.

e) PLÁTANOS: Canarias.

- outras: amorodos, melóns, sandías, figos, cereixas (estas abundan en León e val do Jerte, en Cáceres).
- en xeral todas as froitas cultívanse en : Andalucía, Cataluña, Aragón, Comunidade Valenciana, Murcia, A Rioxa, Extremadura,...

9. FLORICULTURA: cultivo en invernadoiro en Canarias, Cataluña Andalucía, Pontevedra,...

AS PAISAXES AGRARIAS

1. NORTE PENINSULAR. (20% da superficie cultivada).

- influencia de factores naturais como: o relevo montañoso, clima oceánico, vexetación natural de bosques e prados.
- factores humanos: poboamento disperso (caseríos vascos, aldeas galegas e asturianas); predominio da propiedade minifundista e do réxime de explotación directa polo propietario; sistema de campos pechados ou bocage (a base de sebes e muros de pedra); sen barbeito.
- policultivo de autoconsumo e comercialización local de: millo, xudías e frutais (nas zonas baixas) e centeo e patacas(nas zonas altas).
- socalcos no Miño e canóns do Sil con cultivo de vide.
- concentración parcelaria que xenera formas máis regulares nas propiedades e campos abertos. Nas zonas gandeiras (Leste de Galicia e franxa cantábrica, a concentración é escasa).
- auxe dos invernadoiros e dos cultivos foráneos como o kiwi nas Rías Baixas.
- zona de piñeiros e eucaliptos de repoboación.
- importancia da gandería pola abundancia de prados e pastizais:
 - * vacún para leite: rubia galega // pardo alpina e frisona en Asturias e Cantabria
 - * cría de porcino (para consumo familiar sobre todo).

2. MESETA E VAL DO EBRO: (50% da superficie).

- factores naturais: elevada altitude media, pero existencia de amplas zonas de chairas; clima do interior con gran contraste estacional (xeadas no inverno e aridez no verán).

- factores humanos: poboamento concentrado (pobos reducidos no Norte, e máis amplos nas zonas do Sur); fortes investimentos en agricultura e gandería para diversificar a produción e aumentar os rendementos; explotación agrícola e gandeira extensiva; predominio dos campos abertos e das parcelas con formas regulares; ampla concentración parcelaria (sobre todo na Submeseta norte).

a) VAL DO DOURO (Castela – León). Campiña e páramos de secaño.

- explotacións medianas (50 – 100 Ha.) de cereais (trigo, cebada) e xirasol, moi mecanizadas e en secaño.
- redución continua do barbeito.
- regadíos de remolacha, millo e alfalfa.
- viñedos na Ribera do Douro (Valladolid).
- gandería ovina extensiva de altos rendementos gracias ó uso de pensos e ó cruce da ovella churra e castelá con razas estranxeiras.
- explotacións intensivas de vacún e porcino con estabulación.
- coexistencia de explotacións gandeiras pequenas e medianas
- SALAMANCA: devesas = explotación gandeira (do touro de lidia) e arbórea (aciñeira).

b) CHAIRAS DE CASTELA A MANCHA:

- explotacións de secaño de tamaño medio.
- dominio da vide complementada coa oliveira e os regadíos de millo, melón e forraxes,...
- explotacións de ovino: devesas (con aciñeirais).

c) CAMPO ESTREMEÑO:

- gandería extensiva nas devesas: gando vacún de lidia ou carne / aciñeiras (landras) / porco ibérico.

d) A RIOXA E NAVARRA:

- agricultura nos vales, pastos nas ladeiras.
- chairas: regadíos de cultivos industriais (remolacha, forraxes), hortalizas para a industria conserveira (espárragos, pementos, cogollos,... en Tudela, Calahorra, Alfaro,...).
- secaño: cereais, viñedo (gran calidade, RIOXA), oliveira.

- e) VAL DO EBRO: paisaxe similar ó val do Douro pero máis árido.
- sistema de cultivo de secaño extensivo: cebada, trigo, oliveira, vide (no Somontano).
 - importancia cada vez maior do regadío coas canles de Tauste e Imperial de Aragón: cereais, forraxes, frutais e sobre todo ARROZ no delta do Ebro.

3. COSTA MEDITERRÁNEA:

- factores naturais: clima mediterráneo costeiro; aridez estival marcada e escasez de precipitacións en xeral.
- factores humanos: gran extensión dos regadíos (o 49% da superficie regada de España está nesta zona); poboamento concentrado en vilas de tamaño medio, pero existen tamén vivendas illadas entre as hortas.
- secaño dominado polos cultivos de cereais (cebada e trigo), oliveira, vide e, nas ladeiras da franxa interior, amendoeira.
- o sector agrícola predomina no litoral, salvo en Cataluña onde destaca a gandería.
- desigual distribución da propiedade:

- *pequena / mediana en Valencia e Murcia.
- * gran propiedade na Andalucía occidental.

a) CATALUÑA:

- gran desenvolvemento gandeiro, tanto para leite como para carne, con forte industrialización dos procesos.
- reconversión agraria cara ós cultivos hortícolas, forraxeiras e flores.
- expansión do regadío en Lleida, onde destacan os frutais: peras, mazás, e melocotóns.
- redución progresiva do secaño, que supón a regresión da vide e oliveira, pero que mantén e fai medrar a produción de améndoas e abelás.

b) LEVANTE: Comunidade Valenciana e Murcia.

- predominio do regadío de altísimos rendementos, favorecido polas temperaturas, pero cun **grave problema: a falta de auga**.
- cultivo regado de todo tipo de produtos de horta, destacando:
 - * os cítricos: laranxas en Valencia
limóns en Murcia
 - * arroz na Albufera valenciana.
- secaño pouco productivo:
 - * progresivo abandono do cultivo do esparto, algarrobo e figueira
 - * aumento da cebada e améndoas nas ladeiras cercanas ó mar.

c) BALEARES:

- fortes contrastes entre secaño / regadío , e gran / pequena propiedade.
- o desenvolvemento do turismo fai retroceder rapidamente a actividade agraria, o que xenera un importante éxodo rural.
- intensificación do regadío de hortalizas.
- descenso da produción de cereais e viñado no secaño, mentres aumenta a de améndoas.
- Menorca: predominio da explotación gandeira de vacún en grandes propiedades.

d) ANDALUCÍA:

- importancia da gran propiedade que ocupa os mellores solos do val do Guadalquivir (campiña ondulada) e de toda a comunidade.
- na gran propiedade predominan os cultivos de secaño, que están a ser progresivamente abandonados salvo para a améndoas que se dá en Almería, Málaga e Granada.
- os restantes cultivos de secaño (en retroceso) son:

- * cereais en barbeito: trigo e cebada.
- * oliveira (58% da produción nacional), sendo monocultivo en Xaén e con grandes extensións en Córdoba.
- * vide: cultivo localizado en Xerez, Montilla e Moriles.

- o regadío presenta unhas propiedades máis compartimentadas e novas técnicas como:

- * **areados**: técnica que superpón unha capa de area sobre outra de solo fértil para evitar a evaporación da auga en áreas de forte evaporación. Tamén se usa no SE para os cultivos de horta.

- * **acolchados**: superposición dun plástico negro sobre o terreo cultivado, no que se perforaron os ocós para o crecemento das plantas. Evita o crecemento de malas herbas (que son competencia para a planta) e evita a evaporación da auga da rega, que soe utilizar o sistema de goteo.

- * **cultivos baixo plástico**: establecemento dunha cuberta abovedada de plástico transparente para elevar a temperatura e a humidade no interior e así desenvolver o cultivo con máis rapidez, podendo obterse varias colleitas anuais. Moi utilizado nos produtos de horta.

- entre os cultivos de regadío destacan.

- * arroz nas marismas do Guadalquivir.

- * produtos hortícolas variados: destacan os amorodos de Huelva.

- * cultivos tropicais como o aguacate, o chirimoio,...

4. CANARIAS:

a) factores naturais:

- a proximidade ó trópico de Cáncer.

- solos volcánicos.

- topografía accidentada.

- contrastes termoplumiométricos entre as ladeiras a sotavento e barlovento.

- en xeral estamos a falar dun **medio pouco favorable para a actividade agraria**.

b) factores humanos:

- escasa superficie cultivada, e 1/3 dela de regadío.

- importancia do **problema da captación de auga**.

- na zona costeira predominio do regadío para a exportación: plátano, tomate, pataca extratemperá e hortalizas variadas.

- nas zonas altas e no interior: predomina o secaño e un regadío menos estable, sobre todo para o autoconsumo, onde se cultiva ademais vide e pataca para vender as dúas.

- nos últimos anos estase a abandonar o secaño a favor do regadío con novas técnicas como os areados e os **cultivos hidropónicos**: minimización do consumo de auga.

POLÍTICA AGRARIA COMUNITARIA P.A.C.

OS SEUS OBXECTIVOS SON:

1. Aumentar a produción agraria para reducir a dependencia alimentaria e as importacións (a Comunidade só producía o 80% do seu consumo agrario).
2. Garantir ós agricultores un nivel de vida xusto.
3. Asegurar o abastecemento dos consumidores a prezos razoables.
4. Estabilizar os mercados.
5. Protexer o medio ambiente introducidos en 1992.
6. Desenvolver as rexións máis atrasadas.

MEDIOS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS:

1. Crear un mercado único común fixando prezos indicativos para cada produto en todos os países membros.
 - ademais garantiu ós agricultores un prezo mínimo para os seus produtos, que se fixou moi por encima dos do mercado mundial.
 - preferencia comunitaria nas importacións. Os estados membros dan preferencia á compra de produtos agrarios comunitarios (aranceis ás importacións de terceiros países, que non poden ter prezos máis baixos que os comunitarios).
 - subvencións para os produtos comunitarios que se vendían fóra e resultaban máis caros ó pagar aranceis (estes pagos facíaos o FEOGA = Fondo Europeo De Orientación e Garantía Agraria).
2. Axudas ós agricultores para mellorar as súas explotacións (a través do FEOGA).

RESULTADOS DA PAC:

1. Elevación do prezo dos produtos comunitarios, xa que ó unificarse, adoptouse o prezo do país onde era máis caro.
2. Aumento da produción, o que xerou excedentes de cereais, viño, leite, carne de vacún, mantequilla, ...
 - aumento continuo dos presupostos comunitarios: había que pagar o almacenamento dos excedentes polo FEOGA, que logo este vendía no mercado internacional con grandes perdas.
3. Houbo que aumentar as exportacións para dar saída ós excedentes, o que supuxo unha guerra comercial con outros países que tiñan os mesmos produtos que a UE pero a menor prezo.
4. Deterioro do medio ambiente pola intensificación dos cultivos e a modernización tecnolóxica.

En 1992 reformouse a PAC xerando unha nova política agraria:

1. Rebaixa dos prezos para facelos máis acordes cos do mercado internacional e máis competitivos, o que levou a ter que subvencionar ós agricultores polas perdas.
2. Redución dos excedentes e dos gastos do FEOGA mediante:
 - cuotas para os produtos fortemente excedentarios: leite, trigo, ...
 - redución da produción.
 - fomento da silvicultura
 - fomento do turismo ecolóxico.
 - redución das axudas ós investimentos para facer explotacións máis viables.
 - promoción das rexións máis atrasadas (entre elas Galicia, Andalucía, Irlanda, ...).
 - redución das axudas ó comercio exterior.
 - fomento das xubilacións anticipadas no medio rural.
 - acoplamento da produción á demanda (cultivar produtos novos e de máis calidade).
3. Atención ó desenvolvemento rural mediante axudas ás rexións atrasadas para fraer o éxodo rural mediante.
 - iniciativas locais de emprego.
 - mellora das infraestruturas (rega, transporte, abastecementos, ...).

4. Frear a degradación do medio ambiente con investimentos para reducir o uso de plaguicidas e fertilizantes químicos, primas á reforestación,...

OS RESULTADOS desta nova política foron: diminución dos excedentes e dos gastos do FEOGA (en 1988 eses gastos foran o 64% do presuposto comunitario; en 1996 foron representaron o 50%).

REPERCUSIÓNS EN ESPAÑA DA PAC

Cando en 1986 España entrou na UE tivo que adoptar obrigatoriamente a PAC o que supuxo:

- imposición dun período de transición de sete anos para produtos con organizacións semellantes ás comunitarias.

- período de transición de dez anos para produtos con diferencias fundamentais como : froitas, hortalizas, viños e aceite de oliva.

- en xeral, os prezos dos produtos españois eran máis baixos que os comunitarios, polo que houbo que realizar unha aproximación progresiva.

- os intercambios comerciais coa UE foron liberalizados salvo excepcións. Ademais España tivo que adoptar os aranceis comunitarios no comercio con terceiros países dende a entrada na UE. Iso supuxo a substitución das importacións de EE.UU. e América Latina polas da UE.

- Por outra banda España empezou a recibir subvencións agrarias similares ás dos restantes membros da UE.

Hoxe, España está totalmente incorporada á UE e á PAC o que supón:

1. acceso aun mercado moi amplo (a UE cuns 350 millóns de persoas), con alto poder adquisitivo e que demanda produtos de calidade.

2. necesidade de fortes investimentos para modernizar e aumentar a productividade, calidade e competitividade.

3. Dende 1991 España participa no **programa LEADER** para as zonas rurais afectadas pola reconversión xerada pola PAC, o que supón:

- subvencións para solucións innovadoras, sobre todo turismo rural.

- axudas ás zonas máis atrasadas para frear o éxodo rural.

4. protección do medio ambiente e reforestación.

5. a PAC resulta máis problemática en :

- zona cantábrica: pola cuota láctea e a baixa competitividade das explotacións.

- interior: excedentes de viñado e cereais (trigo) e baixa competitividade.

6. en cambio, a zona mediterránea e Andalucía atoparon na UE un bo mercado para os seus produtos hortofrutícolas.

7. A PAC obriga a recortar excedentes (para non ter que subvencionar actividades pouco rendibles) como:

- azucre. No que hai que reducir a produción e o seu prezo

- arroz: reducir o prezo.

- viño: necesidade de axustes no seu cultivo por problemas de sobreproducción.

- productos hortofrutícolas: reducir a produción.

- leite: cuotas de produción que non deben superarse ou se paga unha multa.

- cereais: hai que reducir a superficie cultivada.

- aceite: reducir as cuotas de produción.

8. Axudas financeiras para os produtos deficitarios en Europa e para axilizar a súa comercialización:

- algodón: amplas axudas por ser moi utilizado no sector téxtil.

- tabaco.

- cultivos forraxeiros (alimento do gando).

9. Subvencións no caso de producirse factores extremos que puidesen perxudicar a agricultura : seca – inundacións,...

O SECTOR PRIMARIO E A UNIÓN EUROPEA

A entrada no mercado comunitario en xaneiro de 1986 supuxo unha profunda transformación para o sector primario español, debido á política agraria levada a cabo polo goberno europeo. Era un mercado de máis de 320 millóns de persoas, pero a competencia era forte e a calidade, altamente valorada. As empresas do sector primario españolas enfrontáronse a un duro reto.

A AGRICULTURA. Aínda que a mellora na produtividade agraria española dos últimos decenios era beneficiosa, á larga, o excedente de produción supuxo un problema, xa que un dos obxectivos da **política agraria comunitaria (PAC)**, consiste precisamente en recortar cotas para non crear excedentes. Hai que lembrar que os nosos produtos agrícolas son similares ós doutros países de tradición agrícola mediterránea. Co recorte de cotas de produción, non hai necesidade de subvencionar actividades que resulten pouco rendibles (o que sucedía habitualmente antes da derradeira reforma da PAC en 1992, e supoñía un considerable aumento dos presupostos comunitarios cada ano).

A PAC tamén inclúe subvencións no caso de producirse durante o ano factores extremos que puidesen perxudicar a agricultura, como a seca.

Os produtos que son deficitarios en Europa reciben axudas financeiras e axilízase a súa comercialización, mentres que os que non teñen tanta demanda, é dicir, que son excedentarios, sofren recortes nas cantidades que se produzan, o que crea un profundo malestar entre os agricultores.

Entre os produtos que son deficitarios en Europa están: o algodón, que recibe grandes axudas por ser moi utilizado no sector téxtil; o tabaco; e os cultivos forraxeiros (alimento do gando).

Os produtos excedentarios, por excesiva produción ou demanda insuficiente son:

- azucres: no que hai que reducir a produción e o seu prezo
- arroz: reducir o prezo.
- viño: necesidade de axustes no seu cultivo por problemas de sobreprodución.
- productos hortofrutícolas: reducir a produción.
- leite: cuotas de produción que non deben superarse ou se paga unha multa.
- cereais: hai que reducir a superficie cultivada, cunha redistribución do trigo en beneficio da cebada. .
- aceite: reducir as cuotas de produción.

A GANDERÍA. A integración española na UE. Freou o crecemento das explotacións gandeiras, a causa da imposición dunhas cotas máximas de produción, especialmente no leite e nos seus derivados (queixo, manteiga,...) e na carne. Os gandeiros introduciron evidentes melloras técnicas nas súas explotacións e por iso a dependencia das normas europeas (fortes esixencias na calidade mentres se recortan as cantidades que se poen comercializar e se imponen multas) crea malestar entre eles.

O gando ovino recibira algunhas axudas por parte da UE. Debido á demanda da súa carne no mercado europeo, pero esas axudas ultimamente foron reducidas.

A PESCA. A UE. Representou ó principio unha restricción en canto ós permisos de pesca, pois aceptáronse medidas como a limitación dos volumes das capturas. Sen embargo, tamén supuxo recibir axudas e subvencións para a modernización da flota.

Os acordos de pesca con outros países, que ata o momento da integración foran tomados bilateralmente, así como a regulación dos produtores ou o nivel de prezos xestiónanse actualmente desde o goberno europeo, e España debe acatalos.

O sector pesqueiro galego vive afectado por graves problemas xurdidos pola entrada na UE., como son:

- as limitacións das capturas.
- a ampliación das augas xurisdiccionais.
- a expulsión dos caladoiros onde se faenaba tradicionalmente.
- o número cerrado de licencias.
- etc...

REXIÓN PESQUEIRAS

Foron establecidas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

1. REXIÓN CANTÁBRICA:

- Abarca de Irún a Ribadeo. Comprende Asturias, Cantabria e País Vasco. Destacan os portos de Xixón, Avilés, Santoña, Donostia, Bermeo, ...
- É a segunda de España en importancia.
- Nela péscanse: atún, bonito, peixe espada, sardiña, bocarte, meiga, peixe sapo, pescada, ollomol e xurelo.

2. REXIÓN NOROESTE:

- É a máis importante, xa que reúne o 85% do total da flota pesqueira.
- Vai de Ribadeo á desembocadura do Miño.
- Ten moitos portos (uns 50) con moi boas condicións naturais.
- Divídese en catro provincias marítimas (Ferrol, A Coruña, Vilagarcía e Vigo) e 24 distritos.
- Os portos de Vigo e A Coruña(2º e 3º nacionais despois de As Palmas) acollen o 70% da actividade da rexión.
- atún, bonito, peixe espada, sardiña, bocarte, meiga, peixe sapo, pescada, ollomol e xurelo.

3. REXIÓN SURATLÁNTICA:

- Abarca o litoral atlántico andaluz dende Ayamonte (Huelva) ata La Línea de la Concepción (Cádiz).
- A súa flota faena sobre todo no banco sahariano, o que supón un grave problema na actualidade pola falta de acordo con Marruecos, que controla o caladoiro sahariano.
- Destacan os portos de Algeciras, Huelva, Cádiz, Barbate, Isla Cristina e Ayamonte.
- Sardiña, bocarte, xurelo, salmonete, ameixa, navalla, gamba, cigala e lagostino.

4. REXIÓN CANARIA.

- Nela predominan a pesca de altura e de gran altura. Os seus barcos tamén faenaban tradicionalmente no banco sahariano.
- Destacan os portos de As Palmas de Gran Canaria (o 1º nacional), Sta Cruz de Tenerife, Arrecife (en Lanzarote) e San Sebastián de La Gomera.

5. REXIÓN SURMEDITERRÁNEA:

- dende Estepona (Málaga) ó Cabo de Gata (Almería), inclúense nela Ceuta e Melilla.
- é unha rexión de escasa importancia pesqueira.

6. REXIÓN DE LEVANTE:

- entre o Cabo de Gata e o Cabo da Nao (Alicante)
- nela destaca a captura de peixes emigrantes como : sardiña, bocarte, atún e bonito.

7. REXIÓN DE TRAMONTANA:

- dende o Cabo da Nao ó Cabo de Creus (Girona).
- graves problemas: a sobreexplotación e a escasez da plataforma continental.

8. REXIÓN BALEAR:

- escasa actividade pesqueira derivada do reducido da plataforma continental.

TIPOS DE PESCA

1. PESCA ARTESANAL.

- supón o 81% do total español.
- baseado en pequenas embarcacións, con menos de 6 m. de eslora (largo), e menos de 20 toneladas de rexistro bruto (T.R.B. = toneladas de rexistro bruto, é unha medida de capacidade equivalente a 2,83 m³ que hoxe se substituiu polo G.T. ou arqueo en bruto).
- desenvolven normalmente mareas moi curtas (de só unhas horas), pero nelas obtéñense especies de alto valor comercial.
- soe ser un tipo de pesca familiar, e nos últimos anos experimentou un lixeiro ascenso.

2. PESCA DE BAIXURA, LITORAL OU COSTEIRA:

- supón o 10% do total en España.
- Barcos de entre 20 e 100 TRB (toneladas de rexistro bruto).
- faenan entre o litoral e as 50 – 60 millas nunha liña paralela á costa.
- realizan mareas de entre 1 – 3 días conservando as capturas en fresco ou lixeiramente refrixeradas.

3. PESCA DE ALTURA.

- representa o 8% do total.
- barcos de entre 100 e 250 TRB (flota polo tanto mediana e de gran tonelaxe).
- faenan máis alá da liña de 60 millas (polo tanto en caladoiros internacionais).
- desenvolve mareas de uns 20 días.
- conserva o peixe en xeo.
- coa aplicación das augas xurisdiccionais, sufriu un considerable retroceso.

4. PESCA DE GRAN ALTURA.

- representa só o 1% do total.
- barcos de máis de 250 TRB, é decir, bacalladeiros, baleeiros e grandes conxeladores.
- desenvolveuse a partir dos anos 60, cando xurdiron as modernas técnicas de conxelación e salazón.
- faenan durante varios meses seguidos en caladoiros moi alonxados como Terranova, Suroeste de África,... polo que coa aplicación das augas xurisdiccionais sufriu un importante retroceso.
- obtén especies de gran valor no mercado como pescada e bacallau.

OS CALADOIROS

España pesca en *caladoiros*, lugares apropiados para calar ou tirar as redes.

- Caladoiros nacionais: non ofrecen abundantes recursos pesqueiros porque a plataforma continental é reducida e a sobrepesca, debida á demanda crecente de peixe, provocou o seu esgotamento. Neles practícase a pesca de baixura, próxima á costa, que utiliza todo tipo de artes cunha flota principalmente artesanal, en pequenas embarcacións.

- Caladoiros internacionais: en augas libres ou en zonas económicas exclusivas doutros países, dos que proceden 2/3 da pesca desembarcada. Os máis importantes están situados no Atlántico:

* Atlántico noroeste: Terranova, península del Labrador, Groenlandia. O bacallao foi a pesca tradicional, pero os problemas xurisdiccionais dos últimos anos dificultaron a actividade.

* Atlántico nordés: Noruega e Mar do Norte. A flota de arrastre que habitualmente pescaba pescada, meiga, peixe sapo, xurelo e cigala viuse moi afectada polos límites territoriais.

* Atlántico central leste: Marrocos, Mauritania, Senegal. A flota de altura española faena habitualmente nestes caladoiros: Péscase pescada, gamba, sardiña, xurelo, xarda. Grave problemática polos límites territoriais.

* Atlántico sueste: Namibia e República Sudafricana, son países que implantaron hai pouco a limitación das 200 millas. A esta zona acode a flota especializada en conxelación de pescada.

* Ademais son importantes para a flota española os caladoiros do Índico oeste, en Mozambique, onde se pesca e conxela marisco.

ESTRUCTURA DA ACTIVIDADE PESQUEIRA

a) A poboación activa: hoxe en día está en torno ás 70.000 persoas (0,46% do total no ano 2000). A estrutura caracterízase pola **diminución** de poboación adicada ó sector debido á crise do mesmo, que levou á redución da flota e á mecanización do traballo. Os maiores efectivos localízanse no Noroeste. Outra característica destacada é o **envellecemento** desa poboación, sobre todo a que traballa na flota artesanal.

b) A flota pesqueira española caracterízase por:

- **insuficiente modernización** da flota, sobre todo artesanal. A de altura e gran altura renovouse na década dos 60, pero aínda así está moi atrasada respecto ás flotas da UE e Xapón.

- o **tamaño** da flota é actualmente **excesivo**, xa que medrou moito ata 1973 polo grande aumento da demanda de peixe coa mellora do nivel adquisitivo da poboación, o baixo prezo do combustible e polo libre acceso ós caladoiros internacionais.

- **excesivo nº de embarcacións de pequena tonelaxe**, que non poden afastarse moito da costa, o que contribúe á sobreexplotación dos caladoiros nacionais.

A PRODUCCIÓN PESQUEIRA

1. O **destino** principal da pesca é o *consumo humano*. Predomina o peixe vendido **en fresco** (55%), aínda que se aprecia un aumento considerable de distintas formas de transformación industrial: salgadura, conserva, conxelación e redución.

- salgadura: aplícase sobre todo ó bacallau. Consiste no desecamento e salga ó aire.

- industria conserveira: a maioría das fábricas atópanse na fachada atlántica do norte peninsular; un 20% adícase á exportación, cifra inferior á de anos atrás. Problemas: o encarecemento do peixe e do aceite de oliva.

- conxelación: supón ¼ do total do peixe comercializado.

- reducción: consiste na extracción de aceites ou fariñas a partir dos restos ou de peixes en mal estado. Utilízanse como complemento proteínico dos pensos compostos para o gando.

2. As **especies capturadas** son: **peixes** (3/4 partes), o resto son **moluscos** e **crustáceos**. Destaca polo seu valor o peixe branco (pescada e pescadilla) e pola súa tonelaxe as sardiñas e anchoas para as conserveiras, seguidas do atún e do bonito. A pesca do bacallau, de gran tradición nos caladoiros de Terranova, entrou en crise debido á redución da cota por Canadá e Noruega.

3. A **pesca desembarcada** experimentou un **gran crecemento ata 1973** polo aumento da demanda interna, a liberdade de pesca e o crecemento da flota. **Dende entón descende** polo esgotamento dos caladoiros nacionais, polas restricións internacionais á liberdade de pesca e polas cotas comunitarias. Futuro incerto.

4. **A comercialización da pesca**: o comercio interior alcanza gran volume polo alto consumo nacional. O comercio exterior é moi deficitario polo elevado consumo interno e o problema dos caladoiros, o que obriga a importar grandes cantidades para satisfacer a demanda interna.

PROBLEMAS DA ACTIVIDADE PESQUEIRA

a) O problema dos caladoiros concrétese en:

- **esgotamento dos nacionais** pola extracción masiva de peixe realizada pola flota artesanal, estimulada polo aumento da demanda.

- **restricións nos caladoiros internacionais** dende 1974 cando os recursos vivos do mar deixaron de considerarse bens libres. Dende entón iniciouse un proceso xeneralizado de ampliación das zonas económicas exclusivas de pesca ata as **200 millas** a partir da costa que foi sancionado en 1982 pola ONU. Forte golpe para a flota pesqueira española, obrigada a negociar acordos con outros países (ata a entrada na UE) e reducir o volume de pesca (e polo tanto a flota de altura e gran altura) e a traspasar un gran nº de barcos a **empresas mixtas** con outros países: *os armadores españois poñen o barco e obteñen a cesión da cota pesqueira de armadores estranxeiros a cambio de certas concesións (o desembarco de certa cantidade de pesca no outro país, o emprego de certo nº de traballadores estranxeiros,...).*

b) **Problemas económico – sociais**: forte **crise** do sector debida a unha estrutura pesqueira inadecuada (envellecemento da poboación e excesiva capacidade e nº de barcos), agravada polo incremento do custo do combustible.

Esta situación repercute desfavorablemente no emprego, que presenta **deficiencias para un traballo seguro** na flota artesanal e un aumento do **desemprego**, con perspectivas de futuro pouco favorables.

c) O problema do deterioro dos mares débese á **sobreexplotación** da pesca e á **contaminación** causada polos vertidos agrarios (productos químicos de fertilizantes e insecticidas), urbanos (augas fecais, deterxentes), industriais (metais pesados e productos químicos) e do petróleo, tanto accidentais como intencionados.

A POLÍTICA PESQUEIRA DA UE

A política pesqueira comunitaria creouse en 1983 cos seguintes obxectivos:

- protexer as especies contra a pesca excesiva.
- asegurar ós pescadores os seus medios de vida.
- evitar as fluctuacións dos prezos.
- garantir ós consumidores e á industria transformadora un abastecemento regular de peixe a prezos razoables.

As actuacións para conseguir estes obxectivos foron::

a) **A UE regula o acceso ós caladoiros** dos estados membros e asina os acordos con terceiros países para o acceso dos barcos comunitarios a caladoiros alleos.

- cada estado da UE mantén unha **zona exclusiva de 12 millas** mariñas durante 20 anos, respectando no posible os dereitos de pesca tradicionais doutros estados membros da UE.
- A UE elabora acordos pesqueiros con outros países.

b) Regulación dos aspectos económico – sociais:

- organización común dos mercados. Cada ano se fixan prezos de orientación para cada especie; se baixan dese límite, as OCM poden decidir non vendelos e entón reciben fondos de compensación do IFOP (Instrumento Financeiro de Orientación Pesqueira). Ademais unificáronse as normas sobre comercialización, calidade, talla, peso, envasado e etiquetaxe.
- as medidas para reestructurar o sector son:
 - * creación dunha flota máis moderna e competitiva.
 - * creación de infraestruturas nas rexións afectadas para que resulten atractivas para outras actividades e investimentos.
 - * formación de persoas que perderon ou están a piques de perder o seu emprego.
 - * fomento da acuicultura.

Todas estas medidas costéanse con fondos procedentes do IFOP e do FSE (Fondo Social Europeo).

c) **Regulación dos aspectos ambientais** para evitar a sobrepesca reducindo o nivel das capturas, o que se fai fixando cotas anuais para as especies ameazadas.

A ACUICULTURA

A acuicultura (cultivo de especies mariñas con fins comerciais) presentouse como unha solución ó problema do déficit de produtos pesqueiros. España posúe condicións favorables para ela:

- costas longas e de características diferentes, que permiten diversas utilizacións
- clima axeitado.
- posibilidade de explotar especies de calidade que garantan alta rendibilidade.

A partir de 1984 incrementouse considerablemente a actividade ben en centros públicos (producción de ovos e alevíns para a repoboación) ben en centros privados (producción de peixe para o consumo humano).

a) **Acuicultura de auga doce:** máis de 2000 piscifactorías.

- piscifactorías privadas. Producen peixes para o consumo humano (*troita arco da vella*) en Galicia, Cataluña e ambas Castelas.
- piscifactorías públicas: producen *ovos e crías* para a repoboación (crías de salmón, carpa real, troita común,...)

b) **Acuicultura mariña:** oriéntase principalmente ós moluscos, sobre todo o **mexillón** (95% do total) que se concentra en **Galicia** onde existen preto de 3330 bateas destinadas ó seu cultivo. **A Ría de Arousa (A Coruña)** é un dos primeiros produtores de mexillón a nivel mundial. En cantidade menor cultívanse ostras (costa catalana) e ameixas. Os restantes produtos aínda están en fase experimental, que está culminando con éxito no caso da robaliza, dourada, rodaballo, lubina (en Galicia, Santander e Cádiz). Outros: polbo, berberecho, vieira, zamburiña. Incluso se está a desenvolver o cultivo de algas.

MARISQUEO

- Fundamental en Galicia. Revalorización nos últimos 20 anos.
- Extracción de:
 - * moluscos: ameixa, berberecho, navalla.
 - * crustáceos: percebe, nécora, lagosta.
 - * ourizo en Asturias.
- Gran crecemento da demanda e alto valor no mercado.
- Alta produción e venda nas Rías Baixas.
- Predominio do marisqueo a pé realizado maioritariamente por mulleres.
- Lexislación: Plan Xeral de Explotación Marisqueira: pretende a profesionalización do sector, e o establecemento de normas sobre tamaños mínimos e vedas.
- Produción para o consumo en fresco, pero tamén en conserva cando hai exceso de capturas. Moi recentemente está a introducirse o proceso de conxelado.